



Expediente núm.: 882/2020

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Reserva 2020-2021
(Auxiliar de axuda no fogar)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. A traballadora social deste Concello en data 01.06.2020 emite informe – proposta sobre a necesidade urxente e inaprazable, de levar a cabo a contratación de dous/dúas auxiliares de axuda no fogar con carácter temporal, para poder seguir prestando os servizos aos usuarios/as cos que estamos comprometidos por ter o dereito recoñecido pola Lei de dependencia.

“A necesidade urxente e inaprazable baséase:

1. *Na necesidade de contratación, con carácter temporal, de dous/dúas (2) traballadores/as na categoría de “auxiliar de axuda no fogar” para atender as necesidades do servizo motivado polas vacacións do persoal do SAF municipal.*
2. *Para garantir a cobertura de necesidades de atención de carácter persoal para a realización das actividades da vida diaria, todos os días da semana, tal e como establece o art. 15 da Orde do 22 de febreiro de 2009, polo que se regula o servizo de axuda no fogar.”*
2. O 09.06.2020 emítense informe polo Departamento de Persoal dos custos salariais de dous/dúas auxiliares de axuda no fogar, en réxime de persoal laboral temporal, a través dun contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo e coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410). Deixando constancia de que a contratación temporal deberá cubrir única e exclusivamente o tempo que dure o goce da metade do período de vacacións para o ano 2020 dos/as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) municipal, a disfrutar entre o 01.06.2020 e o 30.09.2020, tal e como dispón o artigo 24.1 do Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017).
3. O 09.06.2020 emítense informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos/as aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2020 - 0171 de data 02 de marzo de 2020.
4. A Resolución de Alcaldía núm. 2020 - 0171 de data 02 de marzo de 2020, establece o que copiado literalmente di:

“Quinto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021(artigo 15):

Concello do Pereiro de Aguiar

Piza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 09/06/2020
HASH: 0673c44a4fcbcd1ff0db2e7dd2227c9aaa



JORGE MORENO MARTIN-CALOTO (2 para 2)
SECRETARIO-INTERVENTOR
Data de Sinatura: 09/06/2020
HASH: fa573c5b734043f16146198bbd688f1



RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0408 Data: 09/06/2020



Cod. Validación: 5NZZXXACSDMNZDYS7MSCGDSJ | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	APELIDOS E NOME	D.N.I.	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Canal Fraga, Isabel	●●66161●●	18,01
2	González Nanín, Ana María	●●70509●●	16,48
3	Barral Solá, Beatriz Eugenia	●●46355●●	16,39
4	Rodríguez Gil, Miriam	●●48293●●	15,95
5	Gómez Fidalgo, María Celia	●●45041●●	14,66
6	Calvo Vidal, Nuria	●●99408●●	14,63
7	Noguerol Fernández, Rubén	●●47718●●	14,02
8	Rey Blanco, Purificación	●●45762●●	14,01
9	Ramos Pérez, María Consuelo	●●96564●●	13,9
10	Villa Álvarez, Isabel	●●98526●●	13,6
11	Pato Fernández, Diana	●●48850●●	11,28

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.”

Visto os Informes emitidos pola traballadora social deste Concello e polo Departamento de Persoal nos que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir dous (2) postos de traballo na categoría de “auxiliar de axuda no fogar”, mediante o chamamento de aspirantes da bolsa de reserva xurdida ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Aceptar a renuncia á contratación para o posto de traballo de “auxiliar de axuda no fogar”, presentada por Isabel Canal Fraga, con DNI núm. ●●66161●●, e que figura no primeiro lugar segundo a orde de puntuación da quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2020 - 0171 de data 02 de marzo de 2020.

Segundo.- Proceder á contratación para o posto de traballo de “auxiliar de axuda no fogar”,

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Número: 2020-0408 Data: 09/06/2020



Cod. Validación: 5NZDXXACSDMNZDYSTMCEGDSJ | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

dos/as aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que figuran na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2020 - 0171 de data 02 de marzo de 2020 por orde de puntuación:

- Ana María González Nanín, con DNI núm. 70509111
- Beatriz Eugenia Barral Solá, con DNI núm. 46355111

Terceiro.- Contratar ós/ás anteditos/as aspirantes con data de inicio do contrato 10 de xuño de 2020, e indicar que a data límite desta contratación non poderá superar o tempo que dure o goce da metade do período de vacacións para o ano 2020 dos/as traballadoras do SAF municipal, a disfrutar entre o 01.06.2020 e o 30.09.2020, tal e como dispón o artigo 24.1 do Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017). E, en ningún caso, poderá superar a vixencia da Bolsa de Reserva (artigo 14 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021), sendo a vixencia máxima da Bolsa ata o 31 de decembro de 2021.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada; en réxime de dedicación a tempo completo e coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410).

Quinto.- Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:

CATEGORIA	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
Nº traballadores	2
Aplicación orzamentaria	231.131.12
Tipo de contrato	Contrato de traballo por Obra ou servizo determinado
Xornada	100,00%
CNAE-Ocupación	8411
Retribucións brutas / Mes (incl. p.p.p.e.)	1.289,84 €
S.S. Empresa /Mes	422,42 €
CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR/A	1.712,26 €

Sexto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro

Concello do Pereiro de Aguiar

Piza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0408 Data: 09/06/2020



Cod. Validación: 5N2DXXACSDMNZDYS7MSCEGDSJ | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

de Aguiar para os exercicios 2020-2021(artigo 15):

	APELIDOS E NOME	D.N.I.	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Canal Fraga, Isabel	66616166	18,01
2	Rodríguez Gil, Miriam	4829366	15,95
3	Gómez Fidalgo, María Celia	4504166	14,66
4	Calvo Vidal, Nuria	9940866	14,63
5	Noguerol Fernández, Rubén	4771866	14,02
6	Rey Blanco, Purificación	4576266	14,01
7	Ramos Pérez, María Consuelo	9656466	13,9
8	Villa Álvarez, Isabel	9852666	13,6
9	Pato Fernández, Diana	4885066	11,28

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Sexto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Oitavo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0408 Data: 09/06/2020



Cod. Validación: 5NZDXXACSDMNZDY57MSCEGDSJ | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

O Alcalde,

O Secretario – Interventor,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0408 Data: 09/06/2020



Cod. Validación: 5NZDXXACSDMNZDY57M5CEGDSJ | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a Plataforma Xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395